

1 Líder

BASKET



O TRIUNFO DA BASE

O Porta XI Ensino organizou unha nova edición da Copa Deputación de baloncesto na que participaron medio millar de xogadores e xogadoras de toda a Provincia repartidos en 51 equipos, nunha xornada na que os resultados foron o de menos

LIGA GALEGA INFANTIL MASCULINA

Estudiantes será anfitrión no Nacional de Sarria e Lugo

Terceiro posto para os celestes na competición Autonómica tras disputar a final da F4 que se disputou en Ourense esta pasada fin de semana. Tamén estarán Instituto Rosalía, como campión galego, e Basquet Coruña como subcampión



REPORTAXE

II Torneo Montes e Vales Orientais de baloncesto base

Máis de 200 rapaces e rapazas participarán na Fonsagrada os días 15 e 16 de xuño nunha competición na que xa hai equipos inscritos de tres comunidades: Asturias, Galicia e Castela e León

LIGAS GALEGAS

Punto e final ás competicións Autonómicas

Coa disputa das Final Four infantís e a última xornada da Liga Galega alevín, todas as ligas galegas chegaron ao seu fin. Queda por diante un verán para buscar novos inquilinos e preparar o próximo curso

SEGUNDA DIVISIÓN INFANTIL

O Academia A Mariña Burela, a polo liderado



O Burela é de Liga Galega

O **ACADEMÍA A MARIÑA** impúxose na Final Four que organizou en Vista Alegre acadando a permanencia na máxima categoría infantil, un premio reservado só para ao campión desta F4

SEMIFINAL			
65		35	
CB BURELA		RÍO OURENSE	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Diego	16	Martínez	
Alvaro Ben	4	Noqueiras	
Carlos	18	Garza	
Antón	9	Maside	
Marcos	12	Sena	
Joakin	3	Gulin	
Luis		Pumar	
Xoel		Salor	
Alvaro F.	3	Cruz	
		Carrera	

“Tuvimos un primer partido cómodo, como era previsible, que sacamos a adelante”

MANOLO COBAS CB Burela



O cadro ao completo do Academia A Mariña CB Burela 05 para esta temporada 2018/2019

O Academia A Mariña Burela logrou a permanencia na Liga Galega infantil, competición na que debutaban esta tempada. Os de Manolo Cobas fan que a máxima categoría do baloncesto infantil masculino siga facendo escala na Mariña tras impoñerse na Final Four que organizou o club mariño en Vista Alegre.

Á cita acudiron Ourense, Porriño e Seis do Nadal. Na

Liga Galega infantil tan só se quedaría o campión, polo que a emoción estivo servida.

Na primeira semifinal o Academia A Mariña acusou os nervios iniciais de xogar en casa, cometendo moitos erros na finalización que propiciaron un parcial inicial de 11-9.

Co paso dos minutos os mariños fóronse asentando na pista á vez que

impoñían a súa superioridade, tomando o mando no marcador cun segundo parcial de 22-4 co que puxeron xa rumbo fixo cara á gran final.

Co 33-13 co que se chegou ao descanso, Manolo Cobas puido dar minutos a todos os seus xogadores para que chegasen á final no mellor estado posible sen que o equipo se resentise, xa que no terceiro

cuarto impúxose 24-9 e no último, pese a perder 8-13, o marcador final quedouse no claro e contundente 65-35.

Final ante Porriño

O Academia A Mariña Burela quixo ser o protagonista da final e conseguiu. Porriño viuse superado polos mariños desde os primeiros minutos cun parcial inicial de 20-13, pero

a diferenza foise ata os 19 puntos ao descanso.

O gañador tería o premio da permanencia, pero Burela monopolizou a gran final. Porriño queimou as súas opcións tralo descanso, pero atopouse cun Burela sen fisuras que soubo xogar á perfección coa vantaxe adquirida na primeira parte para terminar impoñéndose por 14 puntos na gran final.

FINAL			
70		56	
CB BURELA		PORRIÑO	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Diego	18	Vilas	
Alvaro Ben	2	Di Carlo	
Antón	22	Rodríguez	
Marcos	14	Vázquez	
Joakin		Fernández	
Luis	2	Pérez	
Xoel		Alonso	
Alvaro F.		Lorenzo	
Carlos	12	Gómez	
		Cattenazzi	
		Puente	
		Vázquez	

“Tengo que felicitar al equipo por el esfuerzo realizado durante toda la temporada y en especial por la gran fase por la permanencia que disputaron”

MANOLO COBAS CB Burela

Con este triunfo, a Liga Galega infantil, se non se dá ningunha circunstancia que o evite, seguirá facendo escala na Mariña lucense, e en concreto no Concello de Burela

todas as fotos da xornada na web
www.liderlugo.es



@Lider_Lugo



Lider



@LiderRedaccion

Estudiantes será o anfitrión do Campionato de España infantil

OS CELESTES ASALTARON O PODIO DA LIGA GALEGA na final four disputada en Ourense e acadaron unha das tres prazas para o Nacional que se disputará en Lugo

SEMIFINAL				FINAL			
60		68		73		72	
CULLE		ESTUDIANTES		B. CORUÑA		ESTUDIANTES	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.	Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Golpe		Miguel		Gil		Miguel	
Quiles		Cris		Díaz		Cris	
Ferrer		Ales		Casais		Ales	
González		Manu		Catoira		Manu	
Dominguez		Gabi		Lozano		Gabi	
Moretti		Joel		Lovera		Joel	
Pereyra		Brais		Gonzá		Brais	
Gayoso		Oscar		Pérez		Oscar	
Val		Diego		Devesa		Diego	
Martínez		Ruano		Piñero		Ruano	
Abeal		Fabio		Padín		Fabio	
		Dani				Dani	

“Es una alegría para todos poder estar en nuestro Campeonato de España. Gracias a todos los padres y madres, ellos también forman parte de esto” **ÁNGEL RIOBÓO** Estudiantes

O Campionato de España infantil masculino que se disputará en Lugo o próximo mes de xuño terá un anfitrión e ese será o Estudiantes. O conxunto lucense alzouse cunha das tres prazas que ten o baloncesto galego e fixoo subíndose ao podio da clasificación da Liga Galega infantil na final four que se disputou en Ourense.

Ata ali desprazáronse catro dos cinco primeiros clasificados. O campión galego, Instituto Rosalía, sacou o único billete directo en xogo.

Bosco Salesianos.

Culle, Estudiantes e Basquet Coruña disputaron a final four na que os finalistas estarían clasificados para o Campionato de España infantil.

Culle citouse con Estudiantes e Bosco Salesianos, anfitrión desta fase final, con Basquet Coruña, que pese a chegar como quinto clasificado á cita foise de Ourense con subcampeonato Galego sendo o equipo revelación.

Estudiantes era consciente de que xogaba a unha carta. Gañando a Culle estaría no Nacional, e perdendo vería aos mellores equipos de



Os xogadores infantís de Estudiantes en Ourense trala disputa da final celebrando o pase ao Campionato

España desde a barreira.

Os lucenses estiveron ben desde os primeiros minutos, pero o seu bo xogo non se vía recompensado no marcador polas baixas porcentaxes de acerto, polo que Culle tomou o mando no marcador cun primeiro parcial de 11-9 e 20-14 no segundo para chegar ao descanso con 31-23 no electrónico.

No vestiario Estudiantes baixou pulsacións, recuperou forzas e confianza, saltando á pista na

segunda parte disposto a ser o protagonista e conseguiu.

No terceiro cuarto o marcador era de empate a 44 e a dinámica ascendente de Estudiantes enguliu a Culle no último parcial no que os lucenses sentenciaron o encontro con oito puntos de vantaxe.

Coa vitoria nas semifinais Estudiantes asegurouse unha praza no Campionato de España, pero aínda quedaba a final para poder ser sub-

campións galegos. O rival sorprendentemente foi Basquet Coruña, que eliminou contra prognóstico a Bosco Salesianos.

A final foi unha festa entre os dous equipos. Estudiantes saltou á pista con moita soltura, anotando 28 puntos no primeiro cuarto 16-28. Os hercúlicos cortaron a sangría cunha zona press en media pista, recortando distancias para chegar á recta final do encontro con todo por decidir xa que a falta de 14 segun-

dos Estudiantes tiña balón para gañar, o tiro de tres metros resistiuse a entrar e o subcampeonato voou para A Coruña.

Campionato España

Onte pola tarde foi presentado no Salón de Actos do Concello de Lugo o Nacional que se disputará en Lugo e Sarria do 9 ao 15 de xuño. Na presentación oficial estiveron o ex xogador Fernando Romay e o Presidente da FEGABA, Francisco Martín.

Estudiantes chegou ata onde lle permitiron as adversidades

DISPUTAR A FINAL FOUR INFANTIL FEMININA era o reto celeste, e as de Julia Pena estiveron presentes en Santiago de Compostela

SEMIFINAL			
66		41	
PELETEIRO		ESTUDIANTES	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Sanmartín		Maria	
Moure		Iria	
Martínez		Nerea	
Hermida		Naiara	
Suárez		Lucía	
Lorenzo		L. Mesa	
Otero		Carolina	
Crecente		Marta	
Leza		Celia	
Pino		L. Martín	
Filgueiras			
Lazo			

Estudiantes cumpriu o obxectivo de estar presente na final four da Liga Galega infantil feminina. Un obxectivo que a principio de tempada podería considerarse cómodo, pero sobre todo as lesións encargáronse de poñelo moito máis complicado.

Coa súa presenza en Santiago de Compostela o conxunto de Julia Pena xa tocou o seu teito, sobre todo con Candela e Sara

“Haber llegado hasta esta Final Four ha sido un éxito para el equipo tal y como ha transcurrido esta temporada” **JULIA PENA** Estudiantes

no banquillo lesionadas. Demasiados factores en contra como para poder competir ante equipos como Peleteiro, que dominou a semifinal por completo durante a primeira media hora de partido,

deixando sentenciado o seu pase para a gran final. Pola súa banda Estudiantes tan só puido asomar a cabeza no último parcial, no que despediron a tempada imponente cun 10-19.



O banquillo celeste nun encontro no Anexo

Instalado o ADN Maristas

OS DE ÓSCAR ENGROBA loitaron ata o último segundo de competición nunha nova mostra de compromiso e melloría como equipo



Óscar Engroba dando instrucións aos seus xogadores durante un tempo morto nun partido disputado no Anexo

83	75		
CULLE	MARISTAS		
Xogador	Pts.	Xogador	P
López		Martin	
Iglesias		Juan	
Quintela		Nadia	
Rodríguez		Maria C.	
Martínez A.		Jorge	
Martínez J.		Maria M.	
García		Carlos	
Iglesias		Javi	
Roldán		Néstor	
Blanco		Juan	

Un dos equipos de baloncesto base que máis progresou ao longo da tempada na Provincial é

“Disputamos un gran partido hasta el final para poner un gran broche a unha gran temporada en la que todos mejoramos muchísimo” ÓSCAR ENGROBA Maristas

sen dúbida o de Maristas de minibasket.

A despedida era en grao sumo esixente, pero lonxe de deixarse levar, os de Óscar Engroba loitaron ata o último segundo de partido e tempada, poñendo contra as cordas a un Culle que non perdeu ningún dos

encontros que disputou en casa ao longo de toda a segunda fase.

Cunha xeración enteira de primeiro ano, a de Maristas, competindo ante un rival de máis idade e máis físico, podería entrar na lóxica baixar os brazos, pero o ADN competitivo xa

está instalado no equipo.

Na primeira parte os lucenses saíron ben da presión, atacaron coas ideas claras e defenderon con intensidade. Froito diso Maristas chegou ao descanso con vantaxe no electrónico, 42-43.

Na segunda parte o quinteto máis físico local castigou aos colexiais e Culle tomou o mando no marcador, pero tivo que loitar ata o último minuto para evitar a remontada dun insistente Maristas.



Varios xogadores sarriais durante un tempo morto

Fin a un gran curso

SARRIA DESPEDIUSE DA LIGA GALEGA alevín, na que debutaba, con moi boa nota final

91	41		
B. CORUÑA	MGR SARRIA		
Xogador	Pts.	Xogador	P
Lorenzo		Álex	
Martin		Brais	
Eiras		Fausto	
Carrega		Mateo L.	
Gracia		Manuel	
Villar		Uxio	
Soto		Xabelo	
Sánchez		Daniel	
Fraga		Alvaro	
López		Sergio	
Neira			
González			

“Partido sin demasiada historia debido a nuestras ausencias y al cansancio que estos jugadores acumulan de toda la tempordada. Pese a eso, esto no deber empañar lo más mínimo la gran temporada de este grupo”

XABI LÓPEZ-ACEVEDO MGR Sarria

Punto e final adiantado do Ribadeo

O SEU ÚLTIMO ENCONTRO foi ante Montrove, ao suspenderse o derradeiro

73	81		
RÍA RIBADEO	MONTROVE		
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Nacho	5	Fernández	
Héctor	2	González	
Andrés	2	Gracia	
Iván	18	González	
Diego	13	Díaz	
Martin	13	Cuervo	
Zoe	3	Abeal	
Alejandro	14	Zuaznabar	
Hugo	3	Dominguez	
		Andujar	
		Martinez	

A suspensión do último encontro que debía xogar Ribadeo na Coruña ante Jesuitas, propiciou que os mariños puxesen o punto e final á tempada en casa ante Montrove.

Os de Sama ademais remataron o curso cun gran encontro, un dos mellores da tempada, con picos de moi bo baloncesto e no que todos os xogadores aportaron en



Sama dá instrucións aos seus no banco do Anexo

“Disputamos un encuentro muy competido y con muy buen juego durante algunos momentos”

SAMA CB Ribadeo

defensa e anotando cada un deles como mínimo unha canastra.

Ribadeo buscou e mereceu a vitoria, pero á marxe do axustado marcador final os mari-

ñosas plasmaron sobre a pista o crecemento como equipo ao longo da tempada, na que empezaron moi verdes pero terminaron sendo un grupo forte e que dará que falar nos próximos anos.

Obradoiro remontou na despedida

ESTUDIANTES asinou un bo primeiro tempo, pero desapareceu na segundo

80	64		
OBRADOIRO	ESTUDIANTES		
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Codesido		Rubén	
Sánchez		Eloy	
Rodríguez		Nayo	
Maceira		Bosco	
Maico		Mesfin	
Iglesias		Pablo	
Rivas		Diego	
Piñeiro		Martin	
Saavedra		Manuel	
Lence		Samuel	
Vázquez		Antonio	
Pena			

A Estudiantes sobroulle a segunda parte en Santiago para poder despedir con mellores sensacións a tempada. Un último partido no que pagaron a falta de regularidade, un aspecto do xogo que lles acompañou ao longo da tempada na que compaxinaron moi bos encontros con outros máis discretos.

Na primeira parte en Santiago o equipo estivo a un nivel moi alto, tanto en defensa como en ataque. O 9-16 do primeiro parcial tivo



O celeste Rubén coa pelota por diante de Bosco e Pablo

“Último partido de Liga y con mal sabor de boca, pero muy contenta con el trabajo realizado a lo largo de la temporada por todos” ZAIDA IGLESIAS Estudiantes

continuidade no segundo cun empate a 12, mentres que ao descanso Estudiantes chegou con vantaxe tras impoñerse no terceiro parcial, 5-13 e deixar o marcador en 26-41.

O parón do intermedio sacou a Estudiantes do encontro e meteu nel aos composteláns, que cun cuarto parcial de 20-8 volveronse a meter de cheo no partido ata remontalo.



Copa Deputación baloncesto base "Jesús Lence" 2019

MEDIO MILLAR DE NENOS E NENAS acudiron á festa do baloncesto que organizou o Ensino e na que participaron 51 equipos da Provincia de Lugo



FOTOS: Adrián Vázquez



EQUIPOS PARTICIPANTES



CIDADE DE LUGO



CB ENSINO



FRANCISCANOS



GALÉN ENSINO



ESTUDIANTES



CB BURELA

Unha festa da base na pista central do Pazo dos Deportes

OS OITO EQUIPOS DA CATEGORÍA INFANTIL FEMININA xogaron na cancha na que compiten as estrelas da ACB

A Copa Deputación citou na categoría infantil feminina a oito equipos, que participaron divididos en dous grupos de catro.

Cidade de Lugo, Ensino, Estudiantes e CB Burela, por un lado, e Galén, Franciscanos, CB Sarria e CB Viveiro, polo outro, xogaron unha liga a unha soa volta na que cada conxunto tivo a oportunidade de disputar tres encontros.

Un total de doce partidos con reminiscencias da Liga, xa que o torneo reuniu á práctica totalidade dos equipos que competiron durante o ano polo título pero, desta vez, co único obxectivo de desfrutar das

8

EQUIPOS

Ensino, Estudiantes Lugo, CB Burela, Cidade de Lugo, Galén, CB Sarria, CB Viveiro e Franciscanos participaron na categoría infantil feminina

que poden ser as últimas canastras da temporada antes das vacacións de verán.

O escenario era o mellor posible, xa que os encontros xogáronse na pista central do Pazo dos Deportes na que esta temporada compiten todos os grandes equipos da Liga ACB.



Ángela, Franciscanos, protexe o balón ante Celia Bellas



A celeste Laura Martín coa pelota defendida por Emma



Andrea, CB Sarria, entre as viveirenses Beia e Carlota



Lucía, de Academia a Mariña, ante a estudantil Ana



Varias xogadoras burelãs festexando un punto



CB SARRIA



CB VIVEIRO

Lucimento sen contar as canastras para despedir a tempada

OITO CONXUNTOS DE TODA A PROVINCIA sumáronse a esta xornada lúdica na categoría infantil masculina

Martínez Otero Cel-tas Foz, CB Ribadeo, CB Burela, CB Viveiro, Ensino, Estudiantes, Cidade de Lugo e CB Sarria xuntáronse na Copa Deputación para disfrutar dunha última xornada de convivencia antes do final da temporada..

De norte a sur da provincia, os equipos acudiron á cita na que, sen a presión dos marcadores e das clasificacións, se reencontraron coa cara máis lúdica do baloncesto.

De nove da mañá a sete da tarde a pelota foi a protagonista na cancha do Anexo, onde se xogaron doce encontros. Divididos

12

ENCUNTROS

Os oito equipos xogaron doce partidos de catro períodos a tempo corrido. Primouse a participación sen límite de cambios por cuartos

en dous grupos, os equipos disputaron unha liguina a unha volta. Sen preocupación por quen ocuparía o podio, houbo tempo para o lucimento e para revivir os mellores momentos dun curso que vai tocando a súa fin.



Miguel Ángel a piques de lanzar ante Jackiel, Cidade



Marcos, de CB Burela entre Jorge Juan de CB Ribadeo



Xavi, de CB Sarria, cara o aro por diante de Xoel



O CB Sarria antes de comezar un encontro | Adrián V.



Anxo, Adri, Michi e Héctor na hora do almorzo | Adrián V.



Xogadores de CB Burela saudándose no banquín

EQUIPOS PARTICIPANTES



CB VIVEIRO



CB ENSINO



ESTUDIANTES



CB BURELA



CB SARRIA



RÍA DE RIBADEO



MARTÍNEZ OTERO FOZ

Minutos para todas en case dez horas de baloncesto no Anexo

OS EQUIPOS DE MINIBASKET FEMININO aproveitaron o carácter lúdico da Copa Deputación para repartir o protagonismo entre todas as xogadoras dos seus planteis

As promesas da categoría alevín feminina mostraron a súa calidade e as súas gañas de seguir medrando como xogadoras na Copa Deputación, que reuniu oito equipos no Anexo.

Estudiantes, CB Burela, CB Sarria, Cidade de Lugo, Galén, Franciscanos, Fingoi e CB Viveiro completaron o cadro de participantes no torneo, organizado polo Ensino.

O carácter lúdico da cita reflectiuse nos encontros que se xogaron de forma ininterrompida desde as nove da mañá ata preto da oito da tarde. Os equipos, divididos en dous grupos, xogaron tres encontros, a modo de liga a unha soa volta. Foron case dez

horas ininterrompidas de baloncesto, con minutos repartidos entre todas as xogadoras.

A participación primou nunha xornada que tamén serviu de respiro competitivo antes do desenlace da liga regular da categoría. As protagonistas da final polo título, CB Sarria e CB Burela, non se quixeron perder a cita.

3

PARTIDOS

Cada un dos equipos da categoría xogou un total de tres encontros nunha lixíña a unha volta que se dividiu en dous grupos



Noa, de CB Sarria, seguida da celeste Carlota



Ángela, Cidade, por diante das mariñás Candela e Celia



O banquiño do CB Sarria charlando no Pazo

EQUIPOS PARTICIPANTES



CB VIVEIRO



FRANCISCANOS



GALÉN



CB BURELA



Fure, de Cidade, defendida pola burelá Henar



CB SARRIA



ESTUDIANTES



CIDADE DE LUGO - FINGOI

Oito equipos nun entretido epílogo á temporada de liga

A COPA DEPUTACIÓN reuniu a oito conxuntos da categoría alevín masculina. A cita, cun obxectivo lúdico, volveu xuntar aos equipos que se mediron na temporada regular

Deporte e convivencia. Eses foron os ingredientes que reuniron no Anexo aos oito equipos que xogaron a Copa Deputación na categoría alevín masculina.

Coa liga regular concluída, os conxuntos volveron xuntarse para participar dunha xornada lúdica

que serviu para despedir unha longa temporada.

Cidade de Lugo, Estudiantes, Martínez Otero Foz, Maristas, Galén, CB Sarria, CB Ribadeo e CB Viveiro sumáronse á cita que comezou as nove da mañá na cancha do Anexo. Divididos en dous grupos

de catro, os equipos disputaron unha liga a una volta que se prolongou ata pasadas as sete da tarde. Ao longo do día xogáronse doce encontros nos que o resultado quedou á marxe, deixando todo o protagonismo á diversión e ao compañeirismo.

10

HORAS DE BALONCESTO sen pausa nunha xornada lúdica que reuniu a oito equipos de toda a provincia. Os partidos sucedéronse de nove da mañá a sete da tarde



Iván, CB Ribadeo, presionado polo viveirense Miguel



Juan, CB Viveiro, en ataque defendido por Martín



Yago coa pelota ante a chegada do mariño Martín

EQUIPOS PARTICIPANTES



CB VIVEIRO



MARISTAS



Leo, Galén Ensino, presionado por Hugo, de Ribadeo




CB RÍA DE RIBADEO



CIDADE DE LUGO



CB SARRIA



ESTUDIANTES



GALÉN ENSINO



FOZ - BURELA

Nove equipos mixtos e femininos sumáronse á cita en premini

OS PARTICIPANTES xogaron divididos en tres grupos para disputar liguiñas a unha soa volta. O carácter lúdico da cita primou nos encontros disputados na xornada

Nove conxuntos mixtos e femininos participaron na Copa Deputación na categoría preminibasket. Cidade de Lugo, Estudantes e Galén, con dous equipos cada un, e Sarria, Maristas e CB Burela sumáronse á cita que tivo como escenario unha das

pistas do Anexo. Divididos en grupos de tres, os equipos participantes xogaron liguiñas de dous partidos onde primou o carácter lúdico da cita que rematou co reparto de medallas para todos os xogadores e xogadoras.

O torneo disputouse

nun formato de catro para catro, en partidos a tempo corrido nos que se primou a participación e o reparto de minutos entre todos os integrantes do equipo, admitíndose cambios durante todo o encontro, sen límite de rotacións para cada período.

9

EQUIPOS

Mixtos e femininos de Cidade de Lugo, Estudantes, Galén, CB Sarria, Maristas e CB Burela participaron no torneo na categoría preminibasket

EQUIPOS PARTICIPANTES



MARISTAS



CIDADE DE LUGO MIXTO



ESTUDIANTES MIXTO



ESTUDIANTES FEMININO



CB SARRIA



CB BURELA



GALÉN MIXTO - FEMININO



Roi, CB Burela, botando ante a presión de Anxo, Cidade



Cora, Cidade de Lugo, tras superar á celeste Canto



Inés e a celeste Saray correndo un contraataqu



David, Maristas, coa pelota xunto ao estudantil Sergio

Os máis pequenos ensaían para o futuro

A COPA DEPUTACIÓN tamén serviu para que os equipos de Babybasket puxeran a proba a súa progresión

A categoría de babybasket foi a de participación máis numerosa nesta edición da Copa Deputación. Once equipos reuníronse no Anexo para disputar un torneo que lles ofreceu a posibilidade de seguirse familiarizando coas regras básicas dun deporte que

empezan a coñecer e a disfrutar. O cartel completouse con equipos mixtos e femininos de Cidade de Lugo, Estudiantes, Burela, Sarria, Galén, Franciscanos, Maristas, Cidade, Ensino e Rosalía.

Os encontros, arbitrados polos adestradores de

cada equipo, xogáronse en formato de tres para tres, con catro períodos de cinco minutos a tempo corrido.

Ao longo da xornada disputáronse unha vintena de partidos sen marcador, nos que o importante era disfrutar dunha xornada de convivencia.

3x3

FORMATO COMPETITIVO

Os partidos da categoría babybasket disputáronse nun formato de tres para tres. Cada equipo xogou cinco partidos ao longo da xornada no Anexo

EQUIPOS PARTICIPANTES



CIDADE DE LUGO



ESTUDIANTES



CB BURELA



Leo, de Estudiantes, e Saúl, do Cidade de Lugo



Marcos Ònega e Alba Durán, xogadores do Ensino



Teo, Galén, coa pelota ante Kirill e Hugo, Franciscanos



ROSALÍA DE CASTRO



CB SARRIA



Fabián, Ensino, coa pelota por diante de Alba e xxxx



ENSINO



GALÉN



xxxxx, Maristas, a piques de lanzar ante Roi e Guillermo



MARISTAS



FRANCISCANOS



Aida Canto, de Leche Río, recoleu o tributo a Jesús Lence



Pablo Rivera outorga un diploma ao CB Sarria



Moncho Alonso entrega un recoñecemento a Cidade

A Copa reúne á base do baloncesto lucense

NO EVENTO, ORGANIZADO POLO ENSINO, lembrouse a labor do falecido Jesús Lence a prol do deporte provincial

Un ano máis a Copa Deputación reuniu ao baloncesto de base para vivir unha xornada que aúna deporte e diversión. Medio cento de equipos de once clubs participaron no torneo que se celebrou o pasado 19 de maio no Pazo dos Deportes e no Anexo. A cita reuniu preto de 500 xogadores e

xogadoras das categorías infantil, minibasket, preminibasket e babybasket. Ademais de poñer o epílogo a temporada, o evento, organizado polo Ensino, serviu para lembrar a contribución do empresario Jesús Lence, falecido o pasado mes de abril, ao baloncesto provincial.

4

CATEGORÍAS

Nesta edición da Copa Deputación participaron equipos masculinos, femininos e mixtos das categorías infantil, minibasket, preminibasket e babybasket.

11

CLUBS PARTICIPANTES

Franciscanos, CB Sarria, Maristas, Martínez Otero Foz, Ensino, CB Viveiro, CB Burela, CB Ribadeo, Estudiantes, Cidade de Lugo e Rosalia



Zeltia Presas recibe un diploma de Fiona O'Dwyer



J. Villamarin, vicepresidente da Fegaba, agasalla a Rosalia



Foto de familia dos xogadoras e xogadores de Franciscanos que participaron no torneo



Maristas participou no torneo con equipos das categorías mini, premini e babybasket



Os equipos do Ensino, club anfitrión, posan para a foto de familia tras o torneo



Infantil masculino, infantil feminino, alevín feminino, premini e babybasket de Burela



Os xogadores e xogadoras de Estudiantes coas medallas e recoñecemento recibidos



Os equipos do CB Sarria que participaron na cita posan para a foto de familia



Os equipos infantil e alevín masculino do Martínez Otero Foz participaron no torneo



O CB Viveiro sumouse a Copa con equipos masculinos e femininos en alevín e infantil



Os equipos alevín e infantil masculino do CB Ria de Ribadeo posan tras o torneo



Xogadores e xogadoras de Cidade de Lugo e Fingoi posan para a foto de familia

O campión provincial prepara as vacacións

O RÍA DE RIBADEO despedirá unha nova tempada exitosa a próxima fin de semana ante o líder de grupo, Culleredo

53	32
MARISTAS	RIBADEO
Martinell	Sara Fdez.
Sanmartín	Aldara
Deus	Andrea
Gómez	Sara L.
Carretero	Irene
Alonso	Marta
Patino	Daniela
Freire	Julia
Núñez	
Abad	
López	
Martín	

“Ya nos toca empezar a trabajar pensando en la próxima temporada”

JOSE VÁZQUEZ CB Ribadeo



Jose Vázquez felicitando a Sara Logares

O Ría de Ribadeo cadete feminino, de novo campión Provincial, despedirá a tempada a próxima fin de semana en casa ante o líder deste grupo da fase de ascenso, un Culleredo que suma por vitorias os cinco encontros disputados ata a data.

A última saída a domicilio desta tempada para as de Jose Vázquez foi a Coruña para medirse con Maristas nun partido marcado polo cansazo acumu-

lado durante todos estes meses polas mariñás e pola falta de motivación ao non ter opcións xa de ascenso.

Todo isto marcou os primeiros minutos nos que as herculinas tomaron o mando no marcador cun parcial inicial de 16-6, propiciado polo acerto local no tiro exterior.

Ribadeo negouse a baixar os brazos e no segundo cuarto conseguiu mellorar, baixando o nivel de acerto de Maristas coa intimidación de Sara e Irene punteando os lan-

zamentos e impúxose no parcial, 10-11 para chegar ao descanso con 26-17 no marcador.

Ao comezo da segunda parte Maristas volveu despegar no marcador con outros dez puntos de vantaxe cos que o encontro quedou visto para suntuza, 17-7.

Nos últimos dez minutos Jose Vázquez deu un máis que merecido descanso a Aldara e Irene, repartindo minutos antes da despedida doutra gran tempada a próxima xornada en casa e ante o mellor equipo deste grupo da fase de ascenso á Liga Galega cadete feminina.



O mariño Martiño nun encontro xogado no Anexo

San Ciprián foi mellor mentres tivo gasolina

FISICAMENTE San Pelayo chegou máis enteiro ao treito final do encontro

73	64
SAN PELAYO	SAN CIPRIÁN
Xogador	Pts.
Willense	Mario
Revença	Martín
Couso	Diego F.
Area	Diego N.
Villasanta	Marcos
Comojo	Hugo
Rodríguez	Antón
Noya	
García	
Rodríguez	

“Estuvimos por delante en el marcador hasta que nos aguantaron las fuerzas”

MANOLO COBAS San Ciprián

San Ciprián viuse superado no último cuarto por un San Pelayo que chegou máis enteiro fisicamente ao desenlace final do encontro, conseguindo remontar no marcador cun último parcial de 28-15.

Os infantís Marcos, Antón e Diego, malia

xogar pola mañá, saíron ao rescate dun equipo que continúa coa ausencia de Miguel por lesión á que se uniu Manuel a última hora. Con todo iso, San Ciprián deu a cara e xogou ben os tres primeiros parciais nos que mandaba no marcador ata que no último, o 28-15 foi determinante.

Sarria e Ribadeo meten a quinta

AMBOS CONXUNTOS LIDERAN OS GRUPOS 1 E 2 CON PLENO DE VITORIAS e xa teñen asegurados os primeiros postos a pesar de que aínda queda unha xornada por disputar



Sama, adestrador de CB Ribadeo, fala co seu equipo nun tempo morto na pista do Anexo

MGR Sarria e Ría de Ribadeo manteñen a súa hexemonía en cada un dos dous grupos desta Copa Primavera cadete. No grupo primeiro os mariños, dirixidos por

Sama, impuxéronse con autoridade ao Ensino Lugo nun partido no que catro xogadores do Ribadeo terminaron con dobres díxitos, sendo Iker o máximo anotador con

30 puntos.

No outro encontro deste grupo 1 o Viveiro impúxose ao Estudiantes Azul no Anexo 48-77 e con consolidase na segunda posición.

Xa no Grupo segundo MGR Sarria, líder invicto da competición, levouse a vitoria do Anexo ante Estudiantes Vermello cun 57-74, nun encontro no que os sarriaos demos-

30

PUNTOS IKER

o xogador do Ribadeo volveu ser imparabile por momentos nun equipo con catro xogadores en dobres díxitos

1

XORNADA MÁIS

Con Ribadeo e MGR Sarria xa co primeiro posto de cada grupo asegurado, a primeira fase da Copa Primavera chega ao seu fin

traron a súa superioridade ao medirse primeiro contra segundo.

O Sagrado Corazón tamén saboreou a vitoria nesta xornada ao impoñer, tamén no Anexo, por 84-44 a Oral Design Sarria.

Última xornada

De cara á seguinte e última cita desta Copa Primavera cadete, os enfrontamentos, sen que poidan variar o primeiro

posto, son os seguintes: No Grupo segundo o Oral Design Sarria recibe a Estudiantes Vermello e MGR Sarria fará o propio en Novo Chanto ante o Sagrado Corazón.

No Grupo primeiro o líder intratable, o Ría de Ribadeo, recibe ao Estudiantes Azul e o Ensino Lugo medirase no Anexo cun Carferlo Viveiro que chega a este tramo final de tempada nunha boa dinámica.

Pablo foi un MVP autoritario

O XOGADOR LUCENSE FOI IMPARABLE para Montrove e rematou o partido con 45 puntos



Néstor botando o balón entre dous defensores



Pablo, autor de 45 puntos, encarando o aro rival

74			70		
SAGRADO C.			MONTROVE		
Xogador	Pts.		Xogador	Pts.	
Pau			Ventureiro		
Antón	3		Baleato		
Julían	15		Cacheiro		
Jorge			Maceiras		
Pablo	45		Gómez		
Yishak			Boo		
Gabriel	8		Basco		
Samuel			Rodríguez		
Néstor	3		Bead		
Carlos			Seoane		

O Sagrado Corazón estreou a conta de vitorias na fase de ascenso á Liga Galega infantil masculina tras impoñerse a Montrove en Frigsa, nun partido que tivo un nome propio e ese foi o de Pablo. O xogador lucense foi imparabile para os visitantes e terminou o encontro con 45 puntos anotados, máis da metade dos 74 cos que se impuxo o Sagrado Corazón.

O partido empezou de cara para os lucenses cun parcial inicial de 10-2 no que Pablo xa deixaba claro que estaba plétórico. Montrove cortou a sangría cun tempo morto e o primeiro cuarto termi-

“Montrove no pudo frenar a Pablo en ningún momento del encuentro, estuvo espectacular”

RUBEN ENGROBA Sagrado C.

nou con 22-15.

Montrove achegouse aínda máis ao comezo do segundo cuarto obrigando nesta ocasión a Rubén Engroba a pedir un tempo morto co que Pablo volveu imparabile á pista, asinando 28 puntos ao descanso dun encontro que chegou con 44-26 ao final da primeira parte.

Con 18 abaixo Montrove suscitou unha defensa zonal, impropia desta categoría, coa que conseguiu recortar distancias, pero Pablo e as boas lecturas nos momentos clave, desnivelaron o marcador final para o Sagrado Corazón.



Julían encarando a un xogador de Montrove en ataque



Mauro xogándose o un para un cun defensa rival

O Burela saíu con vida do apagón final e prepara o asalto ao liderado

TRAS IR GAÑANDO POR 20 PUNTOS Noia amagou coa remontada. Na próxima cita visita Vista Alegre Basquet Coruña co primeiro posto en xogo

42			49		
NOIA			CB BURELA		
Xogador	Pts.		Xogador	Pts.	
Otero			Sara	15	
Queiruga			Henar	10	
Insúa			Sofía	8	
Rodríguez			Ainoa	6	
García			Sabela	4	
López			Lucía	2	
Sidibe			Lucía P.	2	
Brea			Sandra	2	
Paris			Noa		
Oliveira			Paula		
			Nuria		
			Iria		

O Academia A Mariña Burela impúxose con máis sufrimento do esperado en Noia, nun partido no que as de Carlos Madar sufriron un inesperado apagón na recta final pese ao que conseguiron manter a renda no marcador. Con esta vitoria o Burela recibe na próxima xornada a Basquet Coruña, nun partido no que estará en xogo o primeiro posto en solita-

rio deste grupo Norte da fase de ascenso, que daría opción a xogar co campión do grupo Sur por un posto na Liga Galega infantil a próxima tempada.

En Noia o Burela disputou dous primeiros cuartos de bo baloncesto, xogando con ritmo e loitando por cada balón, ata ter unha renda máxima de 20 puntos.

Na primeira parte

Burela tan só encaixou 14 puntos, pero na segunda metade o exceso de relaxación fixo que Noia asomase a cabeza e aos poucos foi recortando distancias ata chegar á recta final do encontro con opcións de vitoria. O Academia a Mariña mantívose vivo e aprendeu a lección de cara ao próximo encontro no que estará en xogo o primeiro posto en solitario.

“Me quedo muy descontento con la actitud del equipo en el último cuarto y medio, de lo peor que le recuerdo a este grupo”

CARLOS MADAR CB Burela



Carlos Madar dando instrucións ás súas xogadoras

Todas as fotos
e crónicas da xornada
www.liderlugo.es



O María Teresa Martínez Dental Sarria celebrando o título Provincial ao remate do encontro disputado en Burela, correspondente ao partido de volta da final polo título

O CB Sarria alzouse co título provincial malia perder en Burela

AS DE MAÍSA LÓPEZ FIXERON VALER A RENDA DA IDA para lograr o campionato ante un Alas Mariposa CB Burela que chegara á final sen perder ningún partido esta temporada

O María T. Martínez Dental CB Sarria alzouse este sábado co título provincial de minibasket feminino ao vencer ao Alas de Mariposa CB Burela.

As sarriás encaraban o partido de volta en Burela con 23 puntos de renda tras un gran encontro no Chanto, 58-35. Unha ventaxa que acabaría sendo decisiva, xa que en Vista Alegre impúxose o equipo de Madar 56-47.

As burelãs sabían da dificultade do reto, pero saíron a polo partido e anotáronse o primeiro cuarto. O empuxe inicial das locais foise diluindo e o CB Sarria retomou a iniciativa no marcador e chegou ao descanso con seis puntos de renda.

Na segunda metade as mariñas, que quedaran primeiras na liga sen perder ningún encontro, apuraron as súas opcións de engancharse á loita pola eliminatoria. As de Madar saíron á cancha con moita firmeza e conseguiron levarse o partido, pero a ampla vitoria das sarriás na ida decantou a final.

O equipo de Maisea

López faise co título provincial mentres as burelãs selan co subcampionato unha meritoria temporada.

Cidade completa o podio da liga tras facer valer o resultado da ida para levarse a eliminatoria polo terceiro posto contra Franciscanos.

Campionato Galego

O María T. Martínez Dental CB Sarria ten agora por diante a disputa da Fase Final do Campionato Galego, que se disputará a vindeira fin de semana na Estrada. O CB Celtas Martínez Otero-Burela, campión provincial masculino, tamén disputará o título galego da Segunda División na localidade pontevedresa.

Liga Galega Premini

Esta fin de semana tamén rematou a primeira fase da Liga Galega Premini, tanto masculina como feminina, coa disputa das dúas últimas xornadas.

O Oribio Construcciones CB Sarria, que partía con opcións matemáticas de clasificarse para a



Cidade de Lugo rematou terceiro clasificado

segunda fase, non puido sumar ningunha vitoria nos partidos disputados en Ferrol, polo que quedan terceiros de grupo. A cuarta posición é para Estudiantes Rojo.

Na liga feminina, que se disputou nas Pontes, María Auxiliadora sumou unha vitoria contra Adrián Salgado CB Sarria, que non chegou para clasificarse. As colexiais quedaron terceiras e as sarriás cuartas.



CB Burela, subcampión provincial minibasket



As xogadoras sarriás celebrando o título ao remate do encontro

MÁIS DE 200 RAPACES E RAPAZAS participarán na Fonsagrada o 15 e 16 de xuño nunha competición na que se citan equipos do noroeste peninsular

No Torneo, que continúa coas inscricións abertas, xa hai anotados clubs de Oviedo, Lugo, Burela ou Burgos, e nel participarán equipos nas categorías infantil e cadete tanto masculinos como femininos, un total de 24 equipos, 6 por categoría. Os clubs que desexen participar deberán poñerse en contacto coa Agrupación Sagrado Corazón mediante o correo electrónico ajsc_lugo@hotmail.com. Os rapaces estarán instalados na Escola Fogar da Fonsagrada e xogarán no Polideportivo Municipal e no Pavillón do IES Fontem Albei da Fonsagrada.

